

ORDENANZA FISCAL NÚM. 7

CONTRIBUCIÓNES ESPECIAIS

**(BOP número 33, do 8 de febreiro de 1991)
(BOP número 288, do 16 de decembro de 2004)**

Artigo 1.- Fundamento Legal.

En virtude da autorización concedida polo artigo 133 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo R.D.L. 2/2004 do 5 de marzo, a Excm. Deputación provincial establece as contribucións especiais e esixiraas de acordo ao que dispón esta ordenanza fiscal.

Artigo 2.- Feito imponible.

1.- Constitúe o feito imponible das contribucións especiais a obtención do suxeito pasivo dun beneficio ou dun aumento de valor dos seus bens como consecuencia da realización de obras públicas ou do establecemento ou ampliación de servizos públicos, de carácter provincial, por esta Deputación provincial.

2.- O aumento de valor de determinadas fincas como consecuencia de tales obras ou servizos terán para estes efectos, a consideración de beneficio especial.

3.- Para os efectos do disposto no parágrafo 1, terán a consideración de obras e servizos provinciais os seguintes:

- a) Os que dentro do ámbito da súa competencia realice ou estableza a provincia para atender os fins que lle estean atribuídos. Exclúense as obras realizadas pola mesma a título de propietaria dos seus bens patrimoniais.
- b) Os que realicen ou establezan as provincias por terles sido atribuídos ou delegados por outras entidades públicas e aqueles cunha titularidade asumida de acordo coa lei.
- c) Os que se realicen ou establezan por outras entidades públicas ou polos concesionarios destas, con achegas económicas da provincia.

4.- As obras e servizos a que se refire a letra a) do apartado anterior conservarán o seu carácter de provinciais aínda cando fosen realizados ou establecidos por:

- a) Organismos autónomos provinciais ou sociedades mercantís do que o capital social fose esta provincia o único titular.
- b) Concesionarios con achegas desta provincia.
- c) Asociacións de contribuíntes.

5.- A Deputación provincial, poderá impór contribucións especiais polas obras e servizos seguintes:

ORDENANZA FISCAL N.º 7

- a) Establecemento e mellora do servizo de extinción de incendios.
- b) Construcción de encoros, canles e outras obras para a irrigación de predios.
- c) Obras de captación, encoro, depósito, conducción e depuración de augas para o abastecemento.
- d) Estacións depuradoras de augas residuais e colectores xerais.
- e) Desmonte, terraplanado e construción de muros de contención.
- f) Obras de desecación e saneamento de defensa de terreos contra inundacións, así como a regulación e desviación de cursos de auga.
- g) Construcción e conservación de camiños, vías locais e comarcais.
- h) Cando por delegación de obras ou servizos de competencia municipal executen algunhas das comprendidas no artigo 231.1 do RDL 781/86, do 18 de abril.
- i) Así mesmo, tratándose de obras ou servizos realizados por outras Administracións públicas con axudas económicas da Deputación provincial, poderá acordar esta a imposición de contribucións especiais, cando aquelas obras ou servizos, á súa vez devengaron esta mesma clase de tributos, a favor da administración executante.
- j) Pola realización ou o establecemento ou ampliación de calquera outras obras ou servizos, sempre que se dean as circunstancias previstas no artigo 2.1 desta ordenanza.

6.- As contribucións especiais provinciais son tributos de carácter finalista e o produto da súa recadación destinarase integramente a sufragar os gastos da obra ou do establecemento ou ampliación do servizo polo motivo polo que fosen establecidas e esixidas.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos.

1.- Terán a consideración de suxeitos pasivos das contribucións especiais provinciais as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, especialmente beneficiadas pola realización das obras ou polo establecemento ou ampliación dos servizos provinciais que orixinen a obriga de contribuír.

2.- Para os efectos do disposto no apartado anterior consideraranse persoas especialmente beneficiadas:

- a) Nas contribucións especiais por realización de obras ou establecemento ou ampliación de servizos que afecten a bens inmoables, os propietarios destes.
- b) Nas contribucións especiais por realización de obras ou establecemento ou ampliación de servizos a consecuencia de explotacións empresariais, as persoas ou entidades titulares destas.
- c) Nas contribucións especiais por establecemento ou ampliación dos servizos de extinción de incendios, ademais dos propietarios dos bens

afectados, as compañías de seguros que desenvolvan a súa actividade no sector nesta provincia.

- d) Nas contribucións especiais por construción de galerías subterráneas, as empresas subministradoras que deban utilizalas.

3.- As contribucións especiais recaerán directamente sobre as persoas naturais ou xurídicas que aparezan no Rexistro da Propiedade, como donas ou posuidoras dos bens inmobles, ou no Rexistro Mercantil ou na matrícula do imposto sobre actividades económicas como titulares das explotacións ou negocios afectados polas obras ou servizos, na data de terminación daquelas ou na de comezo da prestación destes.

4.- Nos casos de réxime de propiedade horizontal, a representación da Comunidade de Propietarios facilitará á Administración provincial o nome dos copropietarios e o seu coeficiente de participación na Comunidade, a fin de proceder ó xiro das cotas individuais. De non facerse así, entenderase aceptado que se xire unha única cota, da que a distribución se ocupará a propia comunidade.

Artigo 4.- Colaboración cidadá.

1.- Os propietarios ou titulares afectados polas obras poderán constituírse en asociación administrativa de contribuíntes e promover a realización de obras ou o establecemento ou ampliación dos servizos pola Deputación provincial, comprometéndose a sufragar a parte que corresponda achegar a esta provincia cando a súa situación financeira non o permitise, ademais da que lles corresponda segundo a natureza da obra ou servizo.

2.- Así mesmo, os propietarios ou titulares afectados pola realización das obras ou o establecemento ou ampliación de servizo promovidos pola provincia poderán constituírse en asociacións administrativas de contribuíntes no período de exposición ó público do anuncio de ordenación das contribucións especiais.

3.- Para a constitución das asociacións administrativas de contribuíntes a que se refire o artigo anterior, o acordo deberá ser tomado pola maioría absoluta dos afectados, sempre que representen, polo menos, os dous tercios das cotas que deben satisfacerse.

Artigo 5.- Obras en colaboración entre a deputación e os concellos desta provincia.

1.- Cando as obras e servizos de competencia provincial sexan realizadas ou prestadas por concellos desta provincia coa colaboración económica desta Deputación ou ben por esta Deputación con achegas daqueles, e sempre que se impoñan contribucións especiais de acordo ao disposto no texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo R.D.L. 2/2004 do 5 de marzo, a xestión e recadación destas, faraa a entidade que tome ao seu cargo a realización das obras ou o establecemento ou ampliación dos servizos, sen prexuízo de que

cada entidade conserve a súa competencia respectiva en orde aos acordos de imposición e de ordenación.

2.- No suposto de que o acordo concreto de ordenación non fose aprobado por unha das ditas entidades, quedará sen efecto a unidade de actuación, adoptando separadamente cada unha delas as decisións que procedan.

Artigo 6.- Fundamento e devengo.

1.- As contribucións especiais fundaranse na simple execución das obras ou servicios e serán independentes do feito da utilización dunhas e outras polos interesados.

2.- As contribucións especiais devénganse no momento en que as obras se executen ou o servicio comece a prestarse. Se as obras fosen fraccionables, o devengo producirase para cada un dos suxeitos pasivos desde que se executen as correspondentes a cada tramo ou fracción da obra.

Artigo 7.- Base imponible.

1.- A base imponible das contribucións especiais está constituída, como máximo, polo 90 por 100 do custo que a deputación soporte pola realización das obras ou polo establecemento ou ampliación dos servicios.

2.- O referido custo estará integrado polos seguintes conceptos:

a) O custo real dos traballos periciais, de redacción de proxectos e de dirección de obras, plans e programas técnicos.

b) O importe das obras a realizar ou dos traballos de establecemento ou ampliación dos servicios.

c) O valor dos terreos que tivesen de ocupar permanentemente as obras ou servicios, salvo que se trate de bens de uso público, de terreos cedidos gratuíta e obrigatoriamente á deputación, ou o de inmobles cedidos nos termos establecidos no artigo 77 da Lei do patrimonio do Estado.

d) As indemnizacións procedentes polo derrubamento de construcións, destrución de plantacións, obras ou instalacións, así como as que deban aboarse ós arrendatarios dos bens que teñan que ser derruídos ou ocupados.

e) O interese do capital investido nas obras ou servicios cando a deputación tivese que apelar ó crédito para financiar a parte non cuberta por contribucións especiais ou a cuberta por estas en caso de fraccionamento xeral destas.

3.- O custo total orzamentado das obras ou servizos terá carácter de simple previsión. Se o custo real fose maior ou menor que o previsto, tomarase aquel para os efectos do cálculo das cotas correspondentes.

4.- Cando se trate de obras ou servizos a que se refire o artigo 2º,3.c), ou das realizadas por concesionarios con achegas provinciais a que se refire o apartado 2º do mesmo artigo, a base imponible das contribucións especiais determinarase en función do importe destas achegas, sen prexuízo das que poidan impoñer outras Administracións públicas por razón da mesma obra ou servizo. En todo caso, respectarase o límite do 90 por 100 a que se refire o apartado primeiro deste artigo.

5.- Para os efectos de determinar a base imponible, entenderase por custo soportado pola deputación a contía resultante de restar á cifra do custo total o importe das subvencións ou auxilios que a deputación obteña do Estado ou de calquera outra persoa ou entidade pública ou privada.

6.- Se a subvención ou o auxilio citados, fosen outorgadas por un suxeito pasivo de contribución especial, o seu importe destinarase primeiramente a compensar a cota da referida persoa ou entidade. Se o valor da subvención ou auxilio excedese da dita cota, o exceso reducirá, a pro rata, as cotas dos demais suxeitos pasivos.

Artigo 8.- Cota tributaria.

A base imponible das contribucións especiais repartirase entre os suxeitos pasivos, tendo en conta a clase e natureza das obras e servizos, con suxeición ás regras establecidas no artigo 32 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo R.D.L. 2/2004 do 5 de marzo.

Artigo 9.- Exencións e bonificacións.

Non se recoñecerán en materia de contribucións especiais outros beneficios fiscais que os que teñan establecidos por disposicións con rango de lei ou por tratados ou convenios internacionais.

Quen nos casos anteriores se considerasen con dereito a un beneficio fiscal manifestarano así perante a deputación, con expresa mención do precepto en que consideren amparado o seu dereito.

Artigo 10.- Xestión, liquidación, inspección e recadación.

1.- A xestión, liquidación, inspección e recadación das contribucións especiais realizaranse na forma, prazos e condicións que se establecen na Lei xeral tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 11.- Aprazamento ou fraccionamento da recadación.

- 1.- Unha vez determinada a cota a satisfacer, a deputación poderá conceder, á solicitude do contribuínte, o fraccionamento ou aprazamento daquela por un prazo máximo de cinco anos, debendo garantirse o pagamento da débeda tributaria, que incluírá o importe do xuro de mora das cantidades aprazadas, mediante hipoteca, peñor, aval bancario ou outra garantía suficiente a satisfacción da corporación.
- 2.- A concesión do fraccionamento ou aprazamento implicará a conformidade do solicitante co importe total da cota tributaria que lle corresponda.
- 3.- A falta de pagamento dará lugar á perda do beneficio de fraccionamento, con expedición de certificación de descuberto pola parte pendente de pagamento, recargas e xuros correspondentes.
- 4.- En calquera momento, o contribuínte poderá renunciar ós beneficios de aprazamento ou fraccionamento, mediante ingreso da cota ou da parte desta pendente de pagamento así como dos xuros vencidos, cancelándose a garantía constituída.
- 5.- De conformidade coas condicións socioeconómicas da zona na que se executen as obras, a súa natureza e cadro de amortización, o custo, a base liquidable e o importe das cotas individuais, a deputación poderá acordar de oficio o pagamento fraccionado con carácter xeral para tódolos contribuíntes, sen prexuízo de que eles mesmos poidan en calquera momento anticipar os pagamentos que consideren oportunos.

Artigo 12.- Imposición e ordenación.

- 1.- A exacción das contribucións especiais precisará a adopción previa pola deputación do acordo de imposición en cada caso concreto.
- 2.- O acordo relativo á realización dunha obra ou o establecemento ou ampliación dun servizo que deba custearse mediante contribucións especiais non poderá executarse ata que se teña aprobado a ordenación concreta destes.
- 3.- O acordo de ordenación será de inexcusable adopción e conterá a determinación do custo previo das obras e servizos da cantidade a repartir entre os beneficiarios e dos criterios de reparto.
- 4.- Unha vez adoptado o acordo concreto de ordenación, e determinadas as cotas a satisfacer, estas serán notificadas individualmente a cada suxeito pasivo se este ou o seu domicilio fosen coñecidos, e no seu defecto, por edictos. Os interesados poderán formular recurso de reposición, que poderá versar sobre a procedencia das contribucións especiais, a porcentaxe do custo que deban satisfacer as persoas especialmente beneficiadas ou as cotas asignadas.

Artigo 13.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo a infraccións tributarias e a súa cualificación, así como ás sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, aplicaranse as normas contidas na Lei xeral tributaria.

A imposición de sancións non suspenderá en ningún caso, a liquidación e cobramento das cotas devengadas non prescritas.

Disposición final.- A presente ordenanza fiscal, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a rexer o 1 de xaneiro de 1991, e rexerá en tanto non sexa derogada ou modificada.

Dilixencia.- A precedente ordenanza foi aprobada polo Pleno da Excm. Deputación Povincial da Coruña, o día 29 de setembro de 1989.

-
- Por acordo plenario celebrado o día 28 de outubro de 2004 (BOP núm. 288 con data do 16 de decembro de 2004) foron modificados os artigos 1, 3.1, 5.1 e 8. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2005.